

Presidencia Xunta de Galicia

Presidencia Gobierno do Estado

Hoxe 1 de outubro conmemórase o 35 aniversario do Día Internacional das Persoas Maiores, instaurado pola Asemblea Xeral da ONU, na súa resolución 45/106. Para CCOO non é só un día de celebración, senón tamén de reivindicación e propostas que dean solución aos retos aos que afrontamos como colectivo.

En CCOO reivindicamos e mobilizámonos para recordar que as persoas maiores non somos un grupo silencioso nin invisible, senón a razón de ser da nosa historia colectiva; somos portadoras de coñecemento, experiencia e valores que axudaron a lle dar forma á nosa sociedade. Este día non é unha efeméride máis, é unha xornada de denuncia, de esixencia e de compromiso ético coas persoas que construíron o presente que habitamos.

Hoxe, lonxe de recibirmos o recoñecemento merecido, as persoas maiores enfrontámonos a realidades de abandono, discriminación e precariedade que interpelan directamente a conciencia social, a responsabilidade institucional e o modelo de estado de benestar. Este manifesto quere recoller algunhas das reivindicacións sindicais urxentes e inadiabables que deben marcar a axenda pública do noso colectivo.

Dependencia: unha débeda social que se agrava

O sistema de atención á dependencia debería garantir unha vida digna e autónoma ás persoas maiores con necesidades de apoio; porén, atravesamos unha crise profunda. A paralización do incremento de financiamento público iniciado no Plan de Choque (2021-2023) acordado coas organizacións sindicais, o aumento das prestacións económicas en detrimento dos servizos profesionais e o incremento das prestacións vinculadas a un servizo que implican un dobre copagamento ás persoas beneficiarias e as súas familias non fan máis que agravar a situación que xa sofren no coñecido como «limbo da dependencia», no que decenas de miles de persoas recoñecidas como dependentes non reciben ningunha prestación nin servizo. Moitas morren esperando.

Esiximos:

- A reactivación inmediata do financiamento público estatal e autonómico con criterios de equidade e suficiencia, condicionada no marco dun novo

plan de choque que dea continuidade ao anterior e se vincule a obxectivos concretos para o desenvolvemento do sistema de atención á dependencia.

- A derogación da plan da Xunta “para axilizar e simplificar” o acceso á dependencia e á discapacidade. Incrementar o persoal autonómico neste servizos.
- Unha revisión profunda do modelo de atención, priorizando os servizos profesionais e o coidado no fogar, os centros comunitarios e a dignificación do traballo de coidados, maioritariamente realizado por mulleres.
- Eliminación do bono coidado. Incremento das prazas e servizos públicos.
- Posta en marcha dun verdadeiro modelo de coordinación sociosanitaria.

Pensións dignas, especialmente para as mulleres

As pensións son máis ca un ingreso: son un dereito que garante o sustento, a autonomía e a dignidade. A mellora lograda na última reforma de pensións acordada no marco do diálogo social posibilitou que as pensións mínimas e non contributivas, percibidas maioritariamente por mulleres, contén cunha garantía automática que as sitúe por encima do limiar da pobreza. Con todo, as fendas de xénero acumuladas durante toda a vida laboral continúan despregando unha enorme desigualdade e tradúcense en pensións máis baixas e peores ca as dos homes.

Reclamamos:

- A culminación da aplicación efectiva da garantía de suficiencia acordada na reforma de pensións de 2023, que vén aplicándose desde aquela e que debe concluír en 2027. Esta garantía supón a revalorización estrutural das pensións mínimas que asegure un nivel de vida digno, situándoas de forma automática por encima do limiar da pobreza relativa ou extrema, para as pensións contributivas ou non contributivas.
- Un sistema de compensación das desigualdades de xénero nas pensións que, respectando, inevitablemente, a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, compense o trato desigual que levan recibindo historicamente as mulleres traballadoras e o efecto que despregaron sobre as súas carreiras de cotización as tarefas de coidados.
- Unha visión interxeracional da seguridade social, que asegure a sostibilidade do sistema, contendo e reforzando elementos de equidade, xustiza e redistribución.

Vivenda digna: un dereito que envellece mal

Vivir nun espazo seguro, accesible e digno é clave para o envellecemento activo. Porén, moitas persoas maiores viven soas, en vivendas inadecuadas, sen accesibilidade, en situación de alugueiro precario ou con risco de expulsión e, en ocasións, con risco de pobreza enerxética, ao que se suma o feito de que actualmente non existen alternativas habitacionais intermedias entre o domicilio tradicional e a residencia.

Reivindicamos:

- Un plan nacional de vivenda que debe garantir o acceso a vivenda social para as persoas máis vulnerables. As persoas maiores necesitamos unha política de vivenda que garanta a adaptación adecuada dos fogares, a súa accesibilidade (ramplas e ascensores), así como o acceso a vivendas colaborativas...
- Protección legal contra desafiuzamentos das persoas maiores vulnerables.
- O desenvolvemento de redes de ambientes amigables e accesibles, con servizos de proximidade.

Idadismo: unha discriminación que mata

A discriminación por idade ou idadeismo é una forma estrutural de violencia cultural e simbólica. Maniféstase no desprezo, a infantilización, a invisibilidade e a exclusión das persoas maiores no emprego, a saúde, os medios ou as decisións públicas. O idadeismo non é só ofensivo: mata, exclúe e vulnera dereitos.

Reafirmamos:

- O compromiso cunha sociedade interxeracional, inclusiva e diversa, na que o valor de cada persoa non dependa da súa idade.
- A incorporación activa das persoas maiores nos espazos de participación e decisión pública.
- A erradicación do idadeismo da linguaxe institucional, a publicidade e a atención sanitaria.

Demandamos unha lei estatal de defensa e garantía dos dereitos das persoas maiores. Non se trata de crear novas categorías xurídicas, senón de recoñecer e garantir dereitos xa existentes, a miúdo vulnerados, e articular políticas públicas con enfoque de dereitos humanos, xénero e diversidade.

Propoñemos que a lei:

- Recoñeza as persoas maiores como titulares de dereitos plenos, non como obxecto de asistencia.

- Estableza mecanismos de defensa xurídica específica ante situacións de maltrato, neglixencia ou abuso institucional.
- Articule unha estratexia integral de envellecemento activo, protección social, participación cidadá e atención sanitaria.
- Xere un marco legal para a coordinación territorial e orzamentaria sobre coidados.

Reivindicamos a creación dun mecanismo de participación institucional das persoas maiores en Galicia como no Estado onde existe o Consello Estatal das Persoas Maiores. Debe institucionalizarse a participación das persoas maiores na formulación e seguimento das políticas públicas que nos afectan en Galicia ao igual que acontece con outros colectivos.

Este 1 de outubro non pedimos compaixón, pedimos xustiza. Non queremos homenaxes baleiras, senón dereitos cumpridos. Non queremos que nos representen como carga, senón como forza activa, crítica, construtiva. As persoas maiores somos memoria viva e asemade futuro, queremos vivir con dignidade e tamén morrer con dignidade; queremos paz, xustiza, coidados, participación e voz porque, definitivamente, a vellez non é o final, ao contrario, é unha parte do camiño que debemos percorrer, é un capítulo de pleno dereito na vida humana.

Polos dereitos das persoas maiores, pola paz e pola xustiza global, alzamos a nosa voz hoxe e sempre!

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025

Asdo: Ramiro Otero Rodríguez

Secretario Xeral

Federación de Pensionistas de CCOO Galicia